

Indicadores de infancia e adolescencia

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, define o concepto de *infancia* como o período de vida das persoas comprendido desde o nacemento ata os 12 anos de idade, e o de *adolescencia* como o que abarca desde a anterior ata a maioría de idade establecida pola Constitución e polo Código Civil (os 18 anos).

O conxunto de indicadores que se presentan nesta estatística recollen a información sociodemográfica máis destacada sobre a poboación infantil e adolescente de Galicia; desagreganse por capítulos as características demográficas, do entorno familiar, das condicións de vida, de saúde, educativas e de protección das persoas de entre 0 e 17 anos de idade.

A información que se emprega para elaborar os indicadores provén de fontes oficiais, tanto autonómicas ou estatais (IGE, Consellerías, INE, Ministerios, ...), como internacionais (OCDE).

2. Obxectivos

O obxectivo desta estatística é obter indicadores que proporcionen información sobre a poboación de 0 a 17 anos, referida a:

- datos demográficos
- entorno familiar
- benestar económico
- condicións de vida
- educación
- saúde
- protección e responsabilidade penal dos menores (medidas xudiciais).

Esta información facilítase na medida do posible por xénero, grupos de idade e grao de urbanización. Para determinar a urbanización emprégase a variable *grao de urbanización GU2016* que, a partir de criterios de contigüidade xeográfica e de limiares mínimos de poboación, publica o IGE e clasifica os concellos como zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) ou zonas pouco poboadas (ZPP). Cando sexa posible tamén se facilita información clasificada segundo o lugar de nacemento ou a nacionalidade.

3. Definicións

Os indicadores recollidos nesta estatística están referidos á poboación de 0 a 17 anos residente en Galicia, teñen periodicidade anual e como ámbito territorial a comunidade autónoma galega.

3.1 Indicadores demográficos

- *Poboación de 0 a 17 anos, segundo o xénero*: obtense a partir das *Cifras de poboación* que publica o INE, referidas ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos sobre o total de poboación, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos e o total de poboación, obtidas a partir das *Cifras de poboación* que publica o INE, referidas ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Poboación de 0 a 2 anos, Poboación de 3 a 5 anos, Poboación de 6 a 11 anos, Poboación de 12 a 15 anos, e Poboación de 16 a 17 anos, segundo o xénero*: proceden das *Cifras de poboación* que publica o INE, referidas ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos no colectivo de poboación estranxeira, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos estranxeira e o total de poboación estranxeira, expresado en porcentaxe, calculado a partir das *Cifras de poboación* que publica o INE, referidas ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación estranxeira na poboación de 0 a 17 anos, segundo o xénero*: cociente entre a poboación estranxeira de 0 a 17 anos e o total de poboación de 0 a 17 anos, expresado en porcentaxe, calculado a partir das *Cifras de poboación* que publica o INE, referidas ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos nacida no concello no que reside, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos que naceu no concello no que reside e o total de poboación de 0 a 17 anos, expresado en porcentaxe, calculado a partir da explotación do *Padrón municipal de habitantes* que publica o INE, referido ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos nacida en concello distinto do que reside, pero da mesma provincia, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos que naceu nun concello da provincia na que reside pero distinto ao concello no que reside, e o total de poboación de 0 a 17 anos, expresado en porcentaxe, calculado a partir da explotación do *Padrón municipal de habitantes* que publica o INE, referido ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos nacida en provincia galega distinta da que reside, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos que naceu en Galicia pero en provincia distinta á que reside e o total de poboación de 0 a 17 anos,

- expresado en porcentaxe, calculado a partir da explotación do *Padrón municipal de habitantes* que publica o INE, referido ao 1 de xaneiro de cada ano.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos nacida noutra comunidade autónoma, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos que naceu noutra comunidade autónoma e o total de poboación de 0 a 17 anos, expresado en porcentaxe, calculado a partir da explotación do *Padrón municipal de habitantes* que publica o INE, referido ao 1 de xaneiro de cada ano.
 - *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos nacida no estranxeiro, segundo o xénero*: cociente entre a poboación de 0 a 17 anos que naceu no estranxeiro¹ e o total de poboación de 0 a 17 anos, calculado a partir da explotación do *Padrón municipal de habitantes* que publica o INE, referido ao 1 de xaneiro de cada ano.
 - *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos que vive en zonas densamente poboadas (ZDP), en zonas intermedias de poboación (ZIP) ou en zonas pouco poboadas (ZPP), segundo o xénero*: cociente expresado en porcentaxe, entre a poboación de 0 a 17 anos que vive en concellos catalogados² como ZDP, ZIP ou ZPP, respectivamente, entre o total de poboación de 0 a 17 anos, calculado a partir das *Cifras poboacionais de referencia* do IGE.
 - *Taxa bruta de natalidade da zona densamente poboadada (ZDP), das zonas intermedias de poboación (ZIP) ou da zona pouco poboadada (ZPP)*: número de nacementos por cada mil habitantes no conxunto de concellos galegos catalogados³ como ZDP, ZIP ou ZPP, respectivamente, calculadas no *Panorama rural-urbano* do IGE.
 - *Porcentaxe de nacementos de nais menores de 18 anos*: cociente entre o número de nacementos de nais menores de 18 anos e o total de nacementos de nais residentes en Galicia, obtidos a partir da explotación do *Movemento Natural da Poboación do IGE-INE*.
 - *Porcentaxe de nacementos de nais españolas nos nacementos de nais menores de 18 anos*: cociente entre os nacementos de nais menores de 18 anos con nacionalidade española e o total de nacementos de nais menores de 18 anos, obtidos a partir da explotación do *Movemento Natural da Poboación do IGE-INE*.
 - *Taxa de mortalidade infantil*: número de defuncións de persoas menores de 1 ano por cada mil nacidos vivos, obtidos a partir da explotación do *Movemento Natural da Poboación do IGE-INE*.

¹ A poboación nacida no estranxeiro pode ter nacionalidade española ou estranxeira

² Segundo a clasificación GU 2016 do IGE:
http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl

³ Segundo a clasificación GU 2016 do IGE:
http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl

- *Mortes fetais tardías*: número de defuncións, antes da súa completa expulsión ou extracción do corpo da nai, dun produto da concepción viable. A información procede das estatísticas de *Movemento Natural da Poboación* do INE.

3. 2 Indicadores do entorno familiar

- *Porcentaxe de fogares con 1 persoa de 0 a 17 anos e Porcentaxe de fogares con 2 ou máis persoas de 0 a 17 anos*: obtense a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE.
- *Porcentaxe de fogares con persoas de 0 a 17 anos de tipo monoparental, compostos por parellas con fillos ou doutro tipo distinto*: porcentaxe de cada tipo de fogares no total de fogares con persoas de 0 a 17 anos, obtido a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE.
- *Porcentaxe de fogares con nenos de 0 a 12 anos e con redución de xornada de traballo por conciliación da vida familiar e laboral*: porcentaxe de fogares con nenos e nenas de 0 a 12 anos que se acolleron á redución da xornada de traballo para conciliación da vida familiar e laboral sobre o total de fogares con nenos e nenas de 0 a 12 anos, obtido a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE.
- *Persoas de 0 a 17 anos en situación de garda administrativa, segundo o xénero*: obtido a partir da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social, fai referencia aos casos nos que a garda do menor é asumida por resolución da propia Administración (xefatura territorial da Consellería de Política Social) a petición dos pais, nais ou titores.
- *Persoas de 0 a 17 anos en situación de garda xudicial, segundo o xénero*: obtido a partir da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social, fai referencia aos casos nos que a garda do menor é outorgada á Administración por un órgano xudicial.
- *Persoas de 0 a 17 anos afectadas por medidas de acollemento residencial, segundo o xénero*: obtido a partir da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social, fai referencia ao modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor de idade que consiste no seu aloxamento e atención nun centro residencial co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.
- *Persoas de 0 a 17 anos afectadas por medidas de acollemento familiar, segundo o xénero*: obtido a partir da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social, fai referencia ao modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor de idade que consiste na súa integración nunha familia acolledora que substitúa ou complementa temporalmente á súa propia familia, e que

terá que velar polo menor, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

- *Adopción nacional e internacional, número de solicitudes iniciadas e de adopcións:* proceden do *Boletín estadístico de medidas de protección a la infancia* do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar. As solicitudes iniciadas cada ano son as rexistradas na entidade pública durante o período, e o número de adopcións fai referencia ao número de autos ou comunicacións recibidas na entidade pública no período sobre resolucións xudiciais de adopción, que poñen fin a expedientes iniciados a proposta da entidade pública.
- *Porcentaxe de adopcións nacionais ou internacionais en Galicia con respecto ás do total de España:* calculado, para cada tipo de procedencia (nacional ou internacional) do menor, a partir da información recollida no *Boletín estadístico de medidas de protección a la infancia* do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar.
- *Centros residenciais e prazas en centros residenciais para a protección de persoas de 0 a 17 anos:* obtidos da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social, inclúe centros con fogares, residencias, minirresidencias, casas de familia, vivendas tuteladas ou vivendas asistidas.
- *Centros con atención de día e prazas en centros con atención de día para a protección de persoas de 0 a 17 anos:* obtidos da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social. O programa de atención de día desenvólvese en equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade ou ben en unidades específicas existentes en equipamentos de acollemento residencial. Os centros están xestionados pola administración pública ou concertados con entidades colaboradoras.
- *Persoas de 0 a 17 anos en programas de atención de día, segundo o xénero:* obtido da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social.
- *Persoas de 0 a 17 anos no Programa de integración familiar (PIF), segundo o xénero:* obtido da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social. Este programa ten como obxectivos a integración familiar de menores institucionalizados (reunificación familiar), evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores (preservación familiar) e romper dinámicas de deterioro grave en familias que teñen contactos cos seus fillos e fillas.
- *Persoas de 0 a 17 anos estranxeiras non acompañadas (MENAS), segundo o xénero:* obtido da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social. Fai referencia a persoas menores de idade procedentes doutros países que se atopan en Galicia en situación de desamparo por non estar acompañados de ningún familiar.
- *Persoas de 16 a 21 anos no Programa de inserción sociolaboral MENTOR, segundo o xénero:* obtido da *Estatística de protección de menores* da Consellería de Política Social. O programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos e mozas maiores de 16 anos e menores de 21 (excepcionalmente, ata os 25), que estean ou

teñan estado tutelados ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral.

3. 3 Indicadores do benestar económico

- *Beneficiarios de prestacións económicas de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos*: obtense da *Memoria* da Consellería de Política Social.
- *Beneficiarios de prestacións económicas para persoas traballadoras que se acollan á redución da súa xornada de traballo para a conciliación da vida familiar e laboral, segundo o xénero*: información facilitada directamente pola Secretaría Xeral de Igualdade. Estas axudas intentan fomentar a corresponsabilidade dos homes, e só poden ser beneficiarias as persoas que cumpran os requisitos seguintes⁴:
 - Os homes traballadores por conta allea que se acollan á redución da xornada de traballo para o coidado:
 - dun fillo ou filla menor de tres anos,
 - ou dun menor de 12 anos que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33%,
 - ou adopten a un menor ou o teñan en situación de acollemento familiar (permanente ou familiar preadoptivo).
 - As familias monoparentais nas que a persoa solicitante, sexa home ou muller, sexa traballador por conta allea.
- *Taxa de risco de pobreza da poboación de 0 a 17 anos, segundo o xénero*: obtida da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. Defínese como a porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos en fogares cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se corresponde co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de toda a poboación.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos que vive en fogares con carencia material severa, segundo o xénero*: Porcentaxe de persoas de 0 a 17 anos de idade que viven en fogares con carencia material severa sobre o total de nenos e nenas de 0 a 17 anos. Considérase que unha persoa vive nun fogar con carencia material severa cando ten carencia polo menos en catro dos seguintes conceptos:
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
 - Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.

⁴ Máis información en: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=SI440A>



- Tivo retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.).
 - Non pode permitirse dispoñer de coche.
 - Non pode permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil).
 - Non pode permitirse dispoñer de televisión en cor.
 - Non pode permitirse dispoñer de lavadora.
- *Porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos que vive en fogares con baixa intensidade de ingresos por traballo, segundo o xénero:* Porcentaxe de persoas de 0 a 17 anos de idade que viven en fogares con carencia material severa sobre o total de nenos e nenas de 0 a 17 anos. Considérase que unha persoa vive en fogares con baixa intensidade no emprego cando o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural.

3. 4 Indicadores das condicións de vida

- *Porcentaxes de poboación de 0 a 17 anos con accesibilidade da súa vivenda nunha distancia a pé de 15 minutos a cada un dos seguintes servizos: centro de saúde ou ambulatorio público, gardería pública, centro público que imparta educación infantil, centro público que imparta educación primaria, centro público que imparta ESO, centro público que imparta bacharelato, centro público que imparta formación profesional, biblioteca pública, parada de autobús, instalacións deportivas de titularidade pública, centros sociais de ocio públicos, espazos abertos de ocio, farmacia, oficina de correos, estación de tren, tenda de comestibles, venda de prensa, banco, caixa de aforros ou caixeiro e bar ou cafetería:* obtidos a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE.
- *Porcentaxe de poboación de 5 a 17 anos segundo o tempo que dedica diariamente a ver a televisión: ata 1 hora diaria, de 1 a 2 horas diarias, de 2 a 3 horas diarias, de 3 a 4 horas diarias ou máis de 4 horas diarias:* obtidos a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. As porcentaxes están calculadas con respecto á poboación de 5 a 17 anos que ve a televisión.
- *Porcentaxe de poboación de 5 a 14 anos que usa internet:* obtidos a partir da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. Calcúlase como a porcentaxe de persoas do grupo de idade que usaron internet nos 3 meses anteriores á enquisa sobre o total de persoas dese grupo de idade.
- *Porcentaxe de poboación de 5 a 14 anos que usa dispositivos electrónicos:* obtido a partir da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. Considéranse dispositivos electrónicos o teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, o ordenador de sobremesa, o

ordenador portátil, a tablet, PDA ou similar, a consola de xogos con capacidade de acceso a internet e a smart TV. Calcúlase como a porcentaxe de persoas do grupo de idade que utilizaron algún dispositivo electrónico nos 3 meses anteriores á enquisa sobre o total de persoas dese grupo de idade.

- *Porcentaxe de poboación de 5 a 17 anos que asiste cada mes, algunha vez ao ano ou nunca a eventos culturais, segundo o xénero:* obtido a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. Considéranse espectáculos e eventos culturais o cine, teatro, monicreques, contacontos, circo, actuacións cómicas, espectáculos musicais (música moderna, clásica, ópera, solistas, tradicional, ...), espectáculos deportivos, museos, exposicións, arquivos, festas populares, ...
- *Porcentaxe de poboación de 5 a 14 anos que le libros diariamente, dúas ou máis veces á semana, varias veces ao ano, esporadicamente ou nunca:* obtidas a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE, e fan referencia só aos libros non relacionados co estudo.
- *Porcentaxe de poboación de 5 a 14 anos que usa os servizos dunha biblioteca cada semana, cada mes, algunha vez ou nunca:* obtidas a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. Os servizos de biblioteca considerados inclúen consulta de obras, préstamo de libros, ... non relacionados co estudo.
- *Porcentaxe de poboación de 3 a 12 anos que asiste ao servizo de madrugadores, de comedor, utiliza o servizo de transporte, asiste a actividades extraescolares dentro do centro educativo, ou asiste a clases particulares, academia, actividades extraescolares ou deportivas fóra do centro educativo:* obtidas a partir da explotación da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE. As porcentaxes calcúlanse para cada categoría sobre o total de nenos e nenas que viven en núcleos familiares.
- *Poboación de 0 a 6 anos, e de 7 a 15 anos, con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, segundo o xénero:* a información procede do *Censo de persoas con discapacidade* da Consellería de Política Social.
- *Centros e prazas neses centros que prestan servizos sociais destinados á poboación de 0 a 17 anos:* obtidos da explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS), da Consellería de Política Social, e fan referencia ao 31 de decembro de cada ano.

3. 5 Indicadores educativos

- *Alumnado matriculado en educación infantil, primaria ou ESO en centros públicos, privados concertados ou privados non concertados:* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- *Porcentaxe de alumnado matriculado en educación infantil, primaria ou ESO segundo o grao de urbanización en zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias de poboación (ZIP) ou zonas pouco poboadas (ZPP):* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- *Porcentaxe de alumnado matriculado en educación infantil, primaria ou ESO que non ten nacionalidade española:* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- *Taxa neta de escolarización aos 0-1 anos, aos 2 anos, aos 3 anos, aos 16 anos e aos 17 anos:* procedente de *Enseñanzas no universitarias*, do Ministerio de Educación y Formación Profesional, defínese como a relación porcentual entre o alumnado dunha idade e a poboación desa idade.
- *Ratio de alumnos por profesor en centros de educación infantil e primaria e en centros de educación secundaria obrigatoria (ESO):* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- *Alumnado matriculado con necesidades educativas especiais en educación infantil, en primaria, en educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato, en ciclos formativos de grao medio, en ciclos formativos de grao superior e en programas de cualificación profesional inicial ou formación profesional básica:* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- *Taxas de idoneidade escolar nas idades teóricas de inicio de curso, 12 anos, en 1º curso da ESO, por grao de urbanización:* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Representa a porcentaxe de alumnado que está no curso correspondente á súa idade.
- *Porcentaxe de alumnado promovido para pasar ao curso seguinte, segundo o xénero, en 6º de primaria e en 4º de ESO:* información procedente de *As cifras da educación en Galicia, Estatísticas e indicadores*, e de *Datos e cifras do ensino non universitario*, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- *Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura:* procedente do informe do Programa Internacional de Avaliación de Estudantes (PISA), da OCDE.

3. 6 Indicadores sanitarios

- *Pediatras de atención primaria e de atención especializada, e cirurxiáns pediátricos por cada 1000 pacientes pediátricos:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade, fai referencia ao número de profesionais de cada tipo por cada 1000 persoas de 0 a 14 anos con tarxeta sanitaria.
- *Cobertura da primovacinação da poboación de 0-1 anos en poliomielite, DTPa (Difteria-Tétano-Tose ferina), Hib (Haemophilus influenzae b), Hepatite B, Meninxite C, triple vírica (sarampelo, rubéola e parotidite) e Pneumocócica conxugada:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade a partir do Rexistro do *Programa Galego de Vacinación (RVACU)*, indica a porcentaxe de poboación do grupo de idade que recibiu a primeira vacina de cada tipo.
- *Cobertura da vacinación de reforzo da poboación de ata 3 anos en poliomielite, DTPa (Difteria-Tétano-Tose ferina), Hib (Haemophilus influenzae b), Meninxite C, triple vírica (sarampelo, rubéola e parotidite) e Pneumocócica conxugada:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade a partir do Rexistro do *Programa Galego de Vacinación (RVACU)*, indica a porcentaxe de poboación do grupo de idade que recibiu a dose de reforzo da cada tipo de vacina.
- *Cobertura da vacinación de reforzo da poboación de 6 anos de idade en DTpa:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade a partir do Rexistro do *Programa Galego de Vacinación (RVACU)*, indica a porcentaxe de poboación do grupo de idade que recibiu a dose de reforzo da cada tipo de vacina.
- *Cobertura da vacinación de adolescentes en Td (Tétano e Difteria), VPH (Virus do papiloma humano, só en nenas) e Meninxite C:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade a partir do rexistro do *Programa galego de vacinación (RVACU)*, indica a porcentaxe de poboación do grupo de idade que recibiu a vacina correspondente.
- *Incidencia da tuberculose en persoas de 0 a 17 anos, segundo o xénero:* información facilitada directamente pola Consellería de Sanidade a partir do rexistro do *Programa galego de prevención e control da tuberculose*, indica o número de casos novos de tuberculose (iniciais máis recidivas⁵) que iniciaron tratamento no período de estudo por cada 100.000 habitantes.
- *Defuncións de persoas de 0 a 17 anos por causas externas, segundo o xénero:* os datos proceden do *Rexistro de mortalidade de Galicia*, da Consellería de Sanidade, e fan referencia a defuncións de persoas menores de 18 anos residentes en Galicia que faleceron por causas externas (grupo XX da Clasificación Internacional de Enfermidades

⁵ Casos nos que se repite a enfermidade despois do tratamento

(CIE) 10ª revisión), é dicir, causas non asociadas directamente a unha enfermidade como poden ser: os accidentes de tráfico, os afogamentos, os suicidios, as agresións...

- *Interrupcións voluntarias do embarazo (IVE) de nais menores de 18 anos*: A información procede da Consellería de Sanidade, que elabora a operación estatística *Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo*, que proporciona os datos das IVE realizadas en España por mulleres que residen en Galicia.

3. 7 Indicadores de protección e responsabilidade penal

- *Medidas xudiciais notificadas impostas a persoas de 14 a 17 anos, de internamento ou de medio aberto*: número de medidas. Os datos de cada ano proceden da correspondente publicación *Memoria anual de execución de medidas xudiciais* da Consellería de Política Social. Recóllense as medidas na parte dispositiva das resolucións xudiciais ditadas polos xulgados de menores remitidas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pero só afectan a persoas de 14 a 17 anos porque, segundo o disposto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no seu capítulo III, “Da protección da infancia e a adolescencia”, as persoas menores infractoras que teñan unha idade inferior a 14 anos non serán responsables penais. Hai que ter en conta que a unha mesma persoa pódenselle impor varias medidas xudiciais.
- *Porcentaxe de poboación de 14 a 17 anos afectada por medidas xudiciais notificadas, segundo o xénero*: porcentaxe de poboación dese grupo de idade afectada por medidas notificadas con respecto ao total de poboación do grupo de idade. A fonte de información para o número de persoas afectadas é a mesma que no caso do indicador anterior, e a poboación total do grupo de idade tómase do Padrón municipal de habitantes no 1 de xaneiro do ano correspondente.
- *Infraccións penais cometidas por persoas de 14 a 17 anos*: procedente da *Estadística de condenados* do INE, fai referencia ao número de delitos ou faltas cometidos por persoas de 14 a 17 anos de idade.
- *Persoas de 14 a 17 anos condenadas, segundo o xénero*: procedente da *Estadística de condenados* do INE, fai referencia aos condenados por sentenza firme (unha ou varias veces) durante o período de referencia, pola comisión dunha ou de máis infraccións penais.
- *Persoas de 14 a 17 anos denunciadas por violencia doméstica*: a información procede da *Estadística de violencia doméstica* do INE. Enténdese por “violencia doméstica” todo acto de violencia física ou psicolóxica exercido tanto por un home como por unha muller, sobre calquera das persoas enumeradas no artigo 173.2 do Código Penal

(descendentes, ascendentes, cónxuxes, irmáns...) agás os casos considerados de violencia de xénero.

- *Vítimas de violencia doméstica de 0 a 17 anos, segundo o xénero*: a información procede da *Estadística de violencia doméstica* do INE, e fai referencia ás persoas con ordes de protección ou medidas cautelares adoptadas.
- *Vítimas de violencia de xénero de 0 a 17 anos*: a información procede da *Estadística de violencia de género* do INE, e fai referencia ás persoas con ordes de protección ou medidas cautelares adoptadas. Enténdese por “violencia de xénero” todo acto de violencia física ou psicolóxica (incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade) que se exerza contra unha muller por parte do home que sexa ou fose o seu cónxuxe ou estea ou teña estado ligado a ela por unha relación similar de afectividade aínda sen convivencia.

Difusión

Esta estatística difúndese na páxina web do IGE, no apartado de *Indicadores* e actualízase a medida que se dispón da información (actualización continua).